



ANÁLISE DO SISTEMA DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA EN GALICIA

ABRIL 2021

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA
Rúa Dublín 6, baixo 15707 – Santiago de Compostela

1. Análise da situación do Sistema de Atención á Dependencia en Galicia

A nosa Comunidade vén experimentando nas últimas décadas un importante proceso de transformación demográfica, socioeconómica e cultural. Un dos trazos máis salientables da súa dinámica demográfica, compartido co resto de España, Europa e os países desenvolvidos, e incardinados na denominada segunda transición demográfica, é o incremento da esperanza de vida.

Está transformación demográfica e social está producindo un incremento progresivo da poboación en situación de dependencia. Por unha banda, é necesario considerar o importante crecemento da poboación de máis de 65 anos, debendo engadir o fenómeno demográfico denominado «envellecemento do envellecemento», é dicir, o aumento do colectivo de poboación con idade superior aos 80 anos, cifra duplicada en só 20 anos.

Ambas cuestións conforman unha nova realidade da poboación maior que conleva problemas de dependencia nas últimas etapas da vida para un colectivo de persoas cada vez máis amplo. A esta realidade, derivada do envellecemento, debe engadirse a dependencia por razóns de enfermidade e outras causas de discapacidade ou limitación, que se foron incrementado nos últimos anos polos cambios producidos nas taxas de supervivencia de determinadas enfermidades crónicas e alteracións conxénitas e, tamén, polas consecuencias derivadas dos índices de siniestralidade vial e laboral.

Todas estas cuestións forman parte dun mesmo proceso de carácter sistémico do que **é preciso tomar conciencia e articular as medidas oportunas para xestionalo con éxito**.

A atención ás persoas en situación de dependencia e a promoción da súa autonomía persoal constitúe un dos principais retos da política social dos países desenvolvidos. Por este motivo e ante a necesidade de configurar un sistema integral da dependencia desde unha perspectiva global coa participación activa de toda a sociedade foi publicada no ano 2006, a *Lei 39/2006, de 14 de decembro de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia*, unha lei ambiciosa que tiña por obxecto regular as condicións básicas que garantiran a igualdade no exercicio do dereito subxectivo da cidadanía á promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.

A pesar da súa intencionalidade e ambición inicial, os obxectivos fixados non están sendo acadados.

Non podemos olvidar que este novo Sistema de protección xurde tamén pola **necesidade de revisión do Sistema tradicional de coidados e atención**, onde ata fai pouco eran as familias, e en especial as mulleres as que tradicionalmente asumían o coidado das persoas dependentes, constituíndo o que se pode entender como "apoio informal". Os cambios no modelo de familia e a incorporación progresiva da muller ao mercado laboral introducen novos factores nesta situación que fan imprescindible unha revisión do dito Sistema.

Este Sistema tradicional volveu quedar desafiado pola crise sanitaria e socioeconómica derivada da chegada do COVID19, destapando unha boa parte das súas debilidades.

Das debilidades e deficiencias detectadas do Sistema de atención á dependencia desde a súa posta en marcha pódense destacar as seguintes:

- O arrastre de recortes orzamentarios neste Sistema de Atención e insuficiencia orzamentaria actual.
- Problemas iniciais de indefinición e incertidume en aspectos de planificación, organización e coordinación, repercutindo na práctica profesional en canto á información, valoración, orientación e intervención de persoas usuarias e familias.
- Insuficiencia de recursos e servizos de proximidade e para a permanencia no entorno.
- Existencia de ratios de persoal insuficientes, tanto nos SS.SS. Comunitarios Básicos como nos especializados.
- Sobrecarga dos SS.SS. Comunitarios Básicos respecto da xestión da Lei, falta de incorporación de perfís profesionais de apoio nas valoracións iniciais e a inactivación de recursos complementarios da carteira de servizos prevista para este nivel.
- Insuficiencia de recursos e servizos públicos de atención (prazas insuficientes).

-
- Listas de agarda moi elevadas para a tramitación da valoración do grao de dependencia e para a concesión dun servizo ou prestación.
 - Necesidade de equipos de tramitación e valoración suficientemente dotados para dar resposta á demanda.
 - Deficiente coordinación entre Sistemas e dentro dos mesmos (Autonómico-Local). Os sistemas sanitario e de servizos sociais actúan de xeito independente. Débese avanzar a un maior grao de coordinación e integración.
 - A acción preventiva é deficiente.
 - A situación de vulnerabilidade demostrada na que se atopan as persoas maiores que viven en residencias e centros sociosanitarios.
 - A principal rede de cuidados segue recaendo sobre as familias.
 - Necesidade de contar con protocolos específicos e persoal formado para situacións de crise. Plans de contixencia.
 - Necesidade de homoxeneizar a calidade da atención en toda a C.A.
 - Falta de seguimento e apoio das persoas cuidadoras non formais.
 - Carencia de novos servizos que den cobertura a novas realidades de convivencia.
 - Risco de substitución das prestacións residenciais ou diurnas por cuidados familiares ante as deficiencias presentadas.
 - Necesidade de aumentar a profesionalización e mellorar as condicións laborais do SAF.
 - Deficiencias na estrutura e no modelo de atención nos centros residenciais (espazos compartidos, falta de ventilación, elevado número de prazas, ratios de persoal insuficientes...)

En Galicia, dende a aprobación da Lei 39/2006, foise regulando a nivel autonómico o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema (*Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, Decreto 149/2013, do 5 de setembro, Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, Orde do 1 de abril de 2013 pola que se aproba o modelo de informe social unificado, Decreto 149/2013, do 5 de setembro, Orde do 9 de agosto de 2012, Orde do 19 de abril de 2013*) aprobando a maiores diferentes estratexias dirixidas a complementar o dito Sistema e aliviar as debilidades:

- Ano 2013: *Estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia, horizonte 2020*, orientada a xestionar dun xeito máis eficiente e sustentable a atención ás necesidades derivadas do envellecemento da poboación.
- Ano 2016: *Estratexia galega de envellecemento activo desde a innovación 2016-2020*, que establece un marco de actuación para unha vida activa, saudable, independente e segura, co obxectivo de situar a Comunidade Autónoma de Galicia como referente neste ámbito.
- Ano 2018: *Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021*, un firme compromiso coa sociedade galega en prol da igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes a través da repartición equitativa dos traballos e das responsabilidades no ámbito privado, así como da promoción de máis e mellores medidas e servizos que apoiem as familias na atención ás persoas menores e en situación de dependencia.

Recentemente, tamén foi aprobada a *Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia*, sobre a que caben destacar varios aspectos en relación coa necesidade do reforzo do sistema de atención á dependencia en Galicia: a importancia da actuación en materia de conciliación (Artigo 45), a atención no domicilio (Artigo 107) e a prevención e atención de soidade non desexada (Artigo 108).

Con todo isto e entendendo que non existe un avance real na garantía de dereitos, este Colexio oficial observa a necesidade de configurar un novo desenvolvemento deste Sistema de atención e coidados, tendo en conta que non está a cumprir cos principios recollidos na Lei (o carácter público das prestacións, a

universalidade no acceso, a atención integral e integrada, a transversalidade das políticas de atención, a atención centrada na persoa, a permanencia no seu entorno, a participación, a colaboración dos SS.SS. e sanitarios, a inclusión da perspectiva de xénero, a participación do terceiro sector e iniciativa privada...), coas expectativas iniciais nin coa cobertura de dereitos desexada.

2. Posicionamento do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

En virtude do exposto e, sendo recoñecida a experiencia do Traballo Social no Sistema Público de Servizos Sociais dende a súa creación e como profesión coñecedora da realidade social das persoas, O COTSG quere facer as seguintes **consideracións**:

I.- Aposta pola **ampliación e reconversión da rede de centros e servizos públicos, priorizando a atención de calidade centrada na persoa.**

II.- Aposta por un **Sistema conciliador, innovador e adaptado á realidade actual**, que garanta o reparto igualitario dos coidados, o acceso pleno da muller ao mercado laboral...etc. mantendo a excepcionalidade regulada por Lei na concesión de prestacións económicas para persoas coidadoras, evitando que estas poidan promover a atención non formal en detrimento dos dereitos das mulleres.

III.- Definir un **modelo máis útil para as persoas con patoloxías de saúde mental**, en canto o acceso ao sistema, ao proceso de valoración (formación dos equipos para a aplicación do baremo, coordinación entre servizos Sociais e sanitarios...) e ao tipo de servizos que se ofertan (investir en servizos de promoción da autonomía persoal que melloren o funcionamento persoal e social e apoiem na integración social e laboral).

IV.- Reclama a necesidade **da dotación suficiente de persoal cualificado** no propio Sistema de Servizos Sociais e no resto de sistemas de protección social, con **ratios axeitadas** para dar cumprimento ás necesidades da poboación, e tendo en conta os diversas contornas rural, urbano e semiurbano.

V.- Aposta polo **Traballo Social como profesión transversal dentro de equipos interdisciplinares**, entendéndoo como unha estratexia de prevención e atención á dependencia.

VI.- Reclama o **reforzo de persoal nos equipos de tramitación e valoración** especializados para dar unha resposta áxil e de calidade ás persoas en situación de dependencia e ás súas familias, reducindo as listaxes de agarda.

VII.- Aposta polo **reforzo dos SS.SS. Comunitarios Básicos** para poder asumir a sobrecarga adquirida coa xestión da Lei de Dependencia, mellorar a calidade da atención e das valoracións iniciais e reducir as listaxes de agarda.

VIII.- Reclama o reforzo da **coordinación entre as Administracións** para mellorar a eficacia e eficiencia do Sistema, axilizando a fase tramitadora co obxectivo de aliviar o procedemento administrativo inicial en beneficio das persoas dependentes solicitantes e das súas familias.

IX.- Aposta por artellar un sistema público de servizos sociais onde se deseñen e se avalíen **indicadores que certifiquen de forma eficiente a calidade dos servizos**.

X. -Aposta por un **novo modelo de coidados de promoción á autonomía persoal e unha política de coidados con carácter transversal e sólido**, adaptado ás características de cada territorio, descentralizado e garantindo os servizos en tódolos puntos da nosa xeografía, creando así sociedades solidarias que contemplan as especiais características da súa poboación con base no respecto e apoio mutuo. Tendo en conta as especiais características demográficas da nosa comunidade, as políticas públicas deberán estar enfocadas a revertir a pirámide poboacional, artellando mecanismos eficaces que fomenten a conciliación familiar e tendo en conta a distribución igualitaria dos coidados. Ademais ter moi presente a Galicia Rural, o despoboamento dos contornos rurais, a súas necesidades do traballo comunitario.

XI.- Insta a crear as **Comisións Provinciais de Coordinación**, tal e como veñen reguladas nos artigos 109-112 da *Orde do 2 de xaneiro de 2012 de*

desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, co obxectivo de establecer liñas de actuación e medidas para a mellora da coordinación entre as distintas administracións públicas e os departamentos implicados, así como para a mellora da calidade do sistema para a promoción da autonomía persoal e atención á dependencia en Galicia.

En virtude do exposto, o **COTSG** entende necesario apostar por un financiamento estable e seguro, regulado por Lei, para garantir a sostibilidade, estabilidade, calidade, eficacia e eficiencia do Sistema Público de Servizos Sociais en xeral , e do Sistema de Atención á Dependencia en particular.

Neste senso, SOLICITAMOS que dende as Consellerías competentes da Xunta de Galicia, se procedan a ter en conta todas as dificultades observadas e as consideracións realizadas por este Colexio Profesional para promover a adopción das medidas pertinentes para comezar a deseñar as políticas sociais de presente e de futuro a partir desta oportunidade de cambio.

En Santiago de Compostela, a 8 de abril de 2021



Miriam Rodriguez Sierra



Presidenta do Colexio Oficial de traballo Social de Galicia

